

Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas.

ARTIGO 1. Fundamento e Natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por expedición de documentos administrativos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao disposto no artigo 57 do citado Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 2. Feito Impoñible

Constitúe o feito impoñible desta taxa, a prestación dos servizos técnicos e administrativos previos á concesión ou denegación das licencias, comunicacóns previas e declaracóns responsables que preceptivamente deban solicitarse do Concello para a execución de calquera clase de construccóns, obras ou instalacóns dentro do termo municipal, así como a prestación doutros servizos urbanísticos, que se detallan na presente Ordenanza Fiscal

ARTIGO 3. Suxeito Pasivo

Son suxeitos pasivos obrigados ó pagamento dos dereitos e taxas previstas nesta ordenanza, as persoas naturais ou xurídicas solicitantes e/ou titulares da respectiva licenza, comunicación previa, declaración responsable ou documento correspondente.

Os solicitantes e/ou titulares da licenza, comunicación previa ou declaración responsable, deberán facer constar na solicitude, se actúan no seu propio nome, ou en representación do contribuínte ou substituto do contribuínte, reflexando, no seu caso, o nome, DNI ou CIF e domicilio fiscal destes últimos.

Así mesmo, de conformidade co artigo 23.2.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, terán a consideración de substitutos do contribuínte nas taxas establecidas polo outorgamento das licenzas urbanísticas previstas na Normativa sobre chan e ordenación urbana, os construtores e os contratistas das obras

ARTIGO 4. Responsables

Responderán dá débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou entidades. A estes efectos consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. Exencíons e Bonificacións

De conformidade co disposto no artigo 9 del R.D.L. 2/2004 non se recoñece beneficio tributario ningún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos internacionais, ou os expresamente previstos en normas con rango de Lei.

ARTIGO 6. Base Impoñible e Tarifas

De conformidade co establecido no Art. 24.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais a cota tributaria polos servizos urbanísticos definidos no artigo 2 da presente Ordenanza Fiscal consistirá, en cada caso, e de acordo cos correspondentes epígrafes deste artigo, en:

- a) A cantidade resultante de aplicar unha tarifa,
- b) Unha cantidade fixa sinalada para o efecto, ou
- c) A cantidade resultante da aplicación conxunta de ambos os procedementos.

Así, as cotas a satisfacer resultarán de aplica-los tipos seguintes:

A) Licencias de obra, comunicacións previas e declaracíons responsables: 1,3% sobre o orzamento da construcción, instalación ou obra.

B) Licencias de primeira ocupación: 0,5% sobre o orzamento da construcción, instalación ou obra.

C) Outros servizos e cotas: en función das tarifas seguintes.

IMPORTE (euros)

1.—Aliñacións e resantes, por m/l	0,41
2.—Inspección de obras que se practiquen a instancia do titular da licenza ou por imperativo legal ou causa de expediente contradictorio, por unidade	21,00
3.—Inspección de actividades e instalacións, que se practiquen a instancia do titular da licenza ou por imperativo legal, por unidade,	10,87
4.—Licencias de parcelación urbanística ou normalización de terreos, por cada parcela resultante,	45,54
5.—Transmisión de licencias	25,22
6.—Realización polo concello de trámites necesarios ante Organismos Públicos alleos, previos á obtención dunha licenza.....	16,80
7.—Autorizacións previas en só rústico común	42,07
8.—Solicitud de declaración de ruína.....	126,32
9.—Por tramitación de licencias para movementos de terras, non incluídos noutros proxectos, por cada m ² de terreo afectado,	0,15
10.—Por colocación de carteis de propaganda, visibles dende a vía pública, por m ² de cartel e ano,.....	42,10
11.—Por tramitación de proxecto de execución que desenrole un proxecto básico que xa obtivera licenza e, sempre e cando o presupuesto de execución coincida co presupuesto básico,.....	42,10

Para o caso no que o presupuesto de execución supere o básico, practicarase ademais da liquidación da cota sinalada no parágrafo precedente, liquidación de taxas relativa á diferenza de orzamento, conforme ó disposto no apartado A) deste artigo.

Para o caso dos chamados “proxectos reformados” e “obras de reforma”, aplicaranse idénticos criterios ós sinalados no apartado anterior para os proxectos de execución.

Para o cálculo das cotas relativas ós apartados A) e B) do artigo 6º, tomarase o importe do presupuesto presentado polo interesado, sempre que o mesmo fose visado polo Colexio Oficial correspondente. Noutro caso, servirá de referencia para a determinación da base liquidable, o listado de prezos que figura no Anexo a esta Ordenanza Fiscal.

Unha vez nacida a obriga de contribuír, non se verá afectada en modo algúnn pola denegación da licenza solicitada ou a inexactitude da comunicación previa ou declaración responsable, ou a renuncia ou desestimento do solicitante con posterioridade á súa concesión.

Nos casos de renuncia ou desestimento con anterioridade á concesión da licenza, procederá a devolución do 50% da taxa ingresada, sempre que a solicitude de devolución fose presentada antes de que se formule proposta de resolución ó Órgano competente

ARTIGO 7. Devengo

A taxa devéñase cando se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade administrativa.

Entenderase producido o inicio da actividade desde o momento da presentación da solicitude ou desde a data en que se inicien de oficio as actuacións administrativas ou técnicas constitutivas do feito imponible da presente taxa.

ARTIGO 8. Declaración e Ingreso

1. As taxas reguladas nesta ordenanza esixiranse en réxime de liquidación, aprobándose a correspondente liquidación mediante acordo do órgano competente, sendo notificada ao suxeito pasivo para o seu ingreso utilizando os medios de pago e os prazos que sinala a notificación remitida e a Lei Xeral Tributaria. En todo caso, o ingreso da taxa farase con carácter previo ao acordo de resolución do expediente en cuestión.

2. No caso de licenzas ou comunicacións previas das obras para rebaixe de bordo de beirarrúas, o titular da licenza deberá depositar fianza por importe de 150,25 euros, que o Concello devolverá no momento no que o bordo sexa reparado e a beirarrúa volva ó seu estado primitivo.

ARTÍCULO 9. Infraccións e Sancións

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, e as disposicións que a desenvolvan.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A exacción desta taxa será compatible co Imposto Municipal sobre Construcións, Instalacións e Obras

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A presente Ordenanza, aprobada polo Pleno do Concello de Gondomar, entrará en vigor no momento da súa publicación integra no Boletín Oficial da Provincia e comenzará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de ano seguinte a da súa publicación, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

A NEXO

<i>OBRAS MENORES</i>	<i>IMPORTE</i>
1. m2 substitución de carpintería	191,05 €
2. Ud. Porta madeira.....	317,32 €
3. m2 reposición cristais	23,80 €
4. m2 reposición cuberta	31,70 €
5. m2 sellado de terrazo	27,72 €
6. m2 sellado de cemento.....	13,00 €
7. m2 sellado de parqué	31,70 €
8. ml. Rodapé	7,06 €
9. m2 encintado	11,87 €
10. m2 limpeza paredes de pedra	7,06 €
11. m2 pintura	4,15 €
12. m2 azulexado	19,77 €
13. m2 reboque.....	9,53 €
14. m2 falso teito	11,87 €

15. m2 mampara.....	71,36 €
16. m2 impermeabilización.....	5,55 €
17. ml. de baixante	13,83 €
18. m2 repicado de enfoscados	8,68 €
19. m2 formación de cámara de aire con pared de ladrillo e illamento interior	22,62 €
20. m2 de tabique interior con revestido.....	15,63 €
21. m2 reixas de seguridade	1.188,38€
22. m2 picar cales.....	3,80€
23. m3 limpeza ou roza de terreos	2,36€
24. m3 excavación	4,43€
25. Ud. Punto de luz, enchufe	18,99€
26. Ud.fosa séptica.....	991,82€
27. Ud.pozo de auga	1.190,22 €
28. Ud.lápida.....	237,96 €
29. Instalación sanitarios:	
— Bañeira.....	142,73 €
— Lavabo	111,02 €
— Bidé	142,73 €
— Inodoro.....	206,25 €
— Baño completo	888,69 €
30. ml. De tubería sumidoiro.....	23,80 €
31. m2 Construcción escaleira.....	119,02 €
32. m2 apertura de oco en pared de ladrillo.....	19,77 €
33. m2 apertura de oco en pared de pedra	79,26 €

VARIOS**IMPORTE**

34. m2 Toldo	79,26 €
35. m2 Marquesiña	237,96 €
36. ml. Cala.	39,60 €
37. Ud. Entrada de carruaxes.	23,80 €
38. m2 rótulo opaco saínte	357,04 €
39. m2 rótulo opaco adosado	277,61 €
40. m2 rótulo luminoso saínte.	476,08 €
41. m2 rótulo luminoso adosado.	436,37 €
42. m2 carteira publicitaria.	35,62 €
43. Ud. Instalación grúa	793,46 €

MÓDULOS DE CONSTRUCCIÓN**IMPORTE**

44. M2 vivenda unifamiliar no rural de menos de 120 m2	476,08 €
45. m2 de chalé de más de 120 m2.	793,47 €
46. m2 edificio de vivendas de P.O.	396,70 €
47. m2 edificio de vivendas libres.	714,09 €
48. m2 de nave industrial	158,69 €
49. m2 obras de reforma	158,69 €
50. m2 sotos e locais comerciais	237,96 €
51. Instalación fontanería para auga fría e quente:	
— vivenda con superficie superior ou igual a 100 m2	753,80 €
— vivenda con superficie inferior a 100 m2, reducirse	

a cantidade anterior conforme á seguinte fórmula:

$$\underline{\text{Superficie útil} \times 608,67}$$

100

52. ud. De acumulador nocturno 595,11 €

53. Instalación interior de gas, por vivenda 198,36 €

54. Acometida xeral de auga 237,96 €

PECHES **IMPORTE**

55. ml. De aramado con postes 14,23 €

56. ml. de bloques de formigón 31,70 €

57. ml. de pedra 63,41 €

58. ml. de outros materiais 27,72 €

MURO DE CONTENCION **IMPORTE**

59. m3 muro contención de formigón 118,98 €

60. m2 muro de contención de pedra 63,41 €

CUARTO DE BAÑO **IMPORTE**

61. m2 construcción cuarto de baño 396,70 €

GALPONS **IMPORTE**

62. m2 construcción de galpón 158,69 €

63. m2 demolición de muros de peches 39,60 €

OUTROS

64. Outras partidas non previstas neste anexo, valoraranse de acordo cos prezos normais de mercado ou valoracións da Asociación Provincial de Empresarios da Construcción (APEC).